




CANÓN DO MAO

(AS FORCAS-SAN LOURENZO DE BARXACOVA)

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: circular: 13 km,
Ponte Conceliños-San Vitor: 5 km

Dificultade: media

Duración: 5 a 6 horas



Unha ruta que pode ser lineal ou circular e que pode conectarse co tramo final do curso do río Mao onde hai outra ruta acondicionada.


Un percorrido pola levada de auga da antiga central que discorre en parte escavada e en parte apoiada nas impresionantes paredes graníticas do canón do Mao, polas que gabean carballos, cerquiños, érbedos, bidueiros e algún catiñeiro de gran talla.

Para gozar de fermosas e espectaculares vistas, do xogo da auga e da pedra nos numerosos rápidos e fervezas, das cores do bosque e de elementos de interese histórico. **COMO CHEGAR:**

Na estrada OU-536 que une Ourense con Castro Caldelas, pasado Vilariño frío (km 37,7), en Castiñeiras de Seoane cóllese o cruce que vai á Forcas e, despois de cruzar o río e pasar un cruce (seguimos pola dereita), na primeira curva pechada á esquerda, comeza a ruta nun lugar onde se atopa un cartel indicador. Ao chegar á canle da central desvíamonos á dereita para ver a ponte Conceliños. Volvemos atrás, cruzamos a levada e seguímolos durante uns 800 m, ata que atopemos un poste que nos desvía por un carreiro que baixa ao inicio da levada da antiga central. Seguímolos ata pasar a casa da antiga central onde nos desviamos cara abaixo ata chegar á necrópole de San Vitor, desde onde podemos ver San Lourenzo, o final da ruta. Desde ahí podemos facer o camiño de volta polo mesmo itinerario, baixar ao canón do Mao e enlazar coa outra ruta do Canón ou volver pola ruta indicada que segue o sendeiro GR-56 Transourensán.



Ponte de Conceliños



Dúas fervezas no río Mao. É moi complicado acceder a elas e vense desde o camiño da ruta.



Ferveza no rego da Senra. Baixa ao canón desde o lugar da Senra formando numerosos saltos e fervezas. A máis importante (duns 20 m de altura) vese de lonxe.

Ferveza no rego de Forcas. Baixa ao canón desde o lugar das Forcas formando numerosos saltos de pouca altura.



Necrópole medieval de San Vitor



San Lourenzo de Barxacova, punto final da ruta, desde o alto da pena de San Vitor.